

2.- PROBAS

Para que sirven?

A proba (cuestionario) permite ao profesorado crear diversas probas que comprenden preguntas de varios tipos como por exemplo a escolla múltiple, a coincidencia, a resposta curta, a resposta numérica...

Neste tipo de actividade a cualificación calcúlase automaticamente, de maneira que lle pode servir ao alumnado como autoavaliación e o profesorado pode usala para realizar o típico "exame".

Como se crea?


Para crear unha proba dentro dun determinado tema do curso, debemos proceder da seguinte maneira:

1º Activar o modo edición.

2º No tema que queiramos, pulsamos sobre a ligazón Engadir unha actividade ou un recurso.

3º Seleccionamos a actividade de tipo Proba

4º Pulsamos o botón Engadir.



Unha Proba inclúe diversas opcións configurables ordenadas por apartados, entre as que destacamos as seguintes:

Xeral

- Nome: introduce un nome como título para esta proba.

- Descrición: introduce un pequeno texto descritivo para definir esta proba.

Sincronización

- Abrir a proba: permite escoller a data de comezo de xeito automático da proba.
- Pechar a proba: permite escoller unha data para pechar a proba de xeito automático.
- Tempo límite: presenta un temporizador no bloque de navegación da proba indicando o tempo restante. Cando expira o prazo: esta configuración controla o que sucede se o/a participante falla ao entregar o seu intento da proba antes de expirar o prazo. Se o/a participante está traballando activamente na proba ao mesmo tempo, entón o temporizador de conta atrás entregará automaticamente o intento por el, mais se cerrou a sesión no sistema, entón esta opción controla o que sucede.
- Periodo de gracia da entrega: se o que se fai cando o tempo expira se configura como Permitir un período de gracia para a entrega pero sen cambiar ningunha resposta, a cantidade de tempo extra que se permite.

Comportamento da pregunta

- Barallar entre as preguntas: de estar activado, as partes que crean cada pregunta barallaranse aleatoriamente cada vez que un alumno intente a proba, fornecendo a opción tamén está activada na configuración de preguntas. Esta configuración aplícase a cuestións que teñen múltiples partes, tales como escolla múltiple ou preguntas coincidentes.
- Como se comportan as preguntas: o alumnado pode interactuar coas preguntas na proba de varias maneiras diferentes:
 - Comentario diferido (Deferred feedback): o alumnado introduce unha resposta para cadansúa pregunta e logo entrega a proba enteira, antes de cualificar nada ou de que teñan comentarios sobre elas.

- Comentario diferido con PCB: o/a estudante non so responde á pregunta, senón que tamén ten que indicar que tan seguro está de ter correcta a resposta. A calificación axústase segunda a elección da certeza, de xeito tal que os estudantes teñen que reflexar de xeito honesto o seu propio nivel de coñecemento para obter a mellor puntuación.
- Comentario inmediato: o/a participante pode enviar a súa resposta inmediateamente durante o intento, e ter a súa cualificación. Non obstante, so poden enviar unha resposta e non poden cambiala despois.
- Interactivo con múltiples intentos (xunto coas de tipo Comentario diferido son probablemente os dous modos de Probas máis usados): o alumnado entrega cada pregunta segundo vaia avanzando para obter comentarios inmediatos. Deste xeito, e se non o conseguen facer correctamente, poden ter outro intento cunha puntuación menor.
- Modo adaptativo: permite ao alumnado dar varias respostas a unha pregunta nun mesmo intento. Por exemplo, se a resposta é incorrecta, o/a alumno/a pode dar outra resposta inmediatamente aplicándose unha penalización que se restará da puntuación total por cada intento equivocado.
- Modo adaptativo (sen penalizacións): é igual que o anterior pero non se aplican penalizacións.
- Cada intento constrúese sobre o último: de estaren os intentos múltiples permitidos e esta configuración activa, cada novo intento conterá os resultados do intento previo. Isto permite completar unha proba en varios intentos.

Opcións de revisión

Estas opcións controlan que información poden ver os/as alumnos/as cando revisan un intento da proba ou observan os informes da proba.

- Durante o intento. Esta configuración soamente é relevante para algúns comportamentos como interactivo con múltiples intentos, os cales poden presentar retroalimentación durante o intento.

- Inmediatamente despois do intento. Esta configuración aplícase nos primeiros dous minutos despois de facer clic sobre Entregar todo e finalizar.
- Despois, mentres a proba está aínda aberta. Esta configuración aplícase despois disto, e antes de que a proba se achegue á data de peche.
- Despois de que a proba estea pechada. Esta configuración aplícase despois de que a proba pase a data de peche. Se a proba non ten unha data próxima, este estado nunca se acaba.


Retroalimentación xeral

A retroalimentación xeral é un texto que se amosa despois de feito un intento. Ao especificar extremos de cualificación adicionais (como unha porcentaxe ou un número), o texto amosado dependerá da cualificación obtida en función do número (cualificación numérica) ou da porcentaxe (cualificación porcentual).

Engadir preguntas

O facer clic en [gardar e presentar] y a continuación e [editar a proba], estamos en disposición de engadir preguntas. A pantalla que se abre permite realiza-la selección das preguntas ou de engadir.

As preguntas seleccionadas son presentadas á esquerda. O profesor pode decisi-la orde de aparición das preguntas e o peso que cada unha delas terá sobre a puntuación total do cuestionario. Unha vez configurado o cuestionario queda listo para a súa utilización.



Unha vez que os alumnos teñan resolto o cuestionario, o profesor terá dispoñible unha gran cantidade de información. Facendo clic sobre a ligazón ó cuestionario desde a páxina principal do curso, o profesor

poderá ve-lo número de cuestionarios resoltos e, entroutros datos, a cualificación obtida, a data de realización e a cantidade de intentos de tempo investido.

Facendo clic sobre cada entrada da taboa, o profesor poderá visualizar cada cuestionario tal e como foi resolto polo alumno. Ademáis pode dispoñer de datos estadísticos que lle servirán de referencia para novas experiencias.